



## O labor da AC Alexandre Bóveda

Repasamos o presente, pasado e futuro da asociación: grupo de teatro, lingua e literatura, Irmandades da Fala...

Por: Antía Barreiro Mourelle, Ana Mourelle Quintáns, Carmela Garrido Ordoño, Fina Bastón Ousinde, Isabel Vidal, María Xosé Bravo Sanjosé, Silvia Seixas Naia, Xosé Larrosa, Xosé Manuel Sánchez Rei, Xurxo Couto Rodríguez

# A Asociación Cultural Alexandre Bóveda: reptos para o futuro

**N**o ano 2016 tivo lugar a celebración do 40º Aniversario da AC Alexandre Bóveda. Desenvolveuse unha moi-to ambiciosa e lograda programación de actividades destinadas a poren en valor o asociacionismo cultural de base e as inmensas potencialidades que este posúe para coadruar no proceso de construción nacional da Galiza. Tales actos serviron, aliás, para lembraren como en todo ese tempo o compromiso das mulleres e homes que deron forma ás xuntas directivas, ás comisións internas da entidade e ao conxunto de persoas asociadas, se mantivo inquebrantábel coa cultura galega, coa divulgación da figura e do pensamento de Alexandre Bóveda, coa promoción, defensa e reivindicación, en resumo, dos sinais identitarios do país, capaces de o faceren solidario con outros pobos do mundo en igualdade de condicións, sen alfándegas foráneas nin centros de decisión alleos, sen eufemismos hodiernamente tan de moda tales como “suxeito político” en vez de “nación”

Os próximos corenta anos de vida da asociación servirán para a reafirmación nese traballo colectivo, aberto, plural e contrastado, adaptándoo aos novos tempos e ás novas exigencias que demanda unha sociedade precisada de fortes antídotos para incapacitaren a doenza do seu desaparecemento como pobo. Mais eses mesmos tempos teñen de ser úteis para orientaren novos reptos a que a entidade coruñesa vai enfrontarse. En primeiro lugar, debe manter e ampliar a base das persoas socias (na actualidade constituída aproximadamente por unhas 230) para o proxecto poder continuar a ser viábel en termos de capacidade económica e de traballo. En segundo lugar, ese mesmo proxecto ten de virar aínda máis atractivo para a mocidade galega en xeral e coruñesa en particular, sementes que deben ser coidadas e potenciadas na oferta cultural da AC Alexandre Bóveda. En terceiro lugar, ten de afortalezar, xuntamente con outras



entidades do tecido social da cidade, a rede cultural na procura de espazos físicos de convívio e de traballo común. E en cuarto lugar, neste mesmo sentido, debe continuar a navegar, xunto con outras organizacións do país, na mesma singradura para atravesar un mar cada vez máis españolizado, máis alienado e mais deshumanizado, e así erguer ben firmes as bandeiras da democracia, da autodeterminación, da igualdade de dereitos entre homes e mulleres, da loita contra a violencia de xénero e da normalización do idioma, tal como pretendían Alexandre Bóveda e os seus correligionarios.

Para levar a cabo este proxecto, a AC Alexandre Bóveda renovará neste mes de marzo a súa Xunta Direc-

tiva e voltará a activar os colectivos de funcionamento interno e mesmo creará outros novos: Comisión de Lingua e Literatura, Comisión da Muller, Comisión de Música, Comisión de Historia e Patrimonio, Colectivo de audiovisuais “Ollo de Vidro”, Clube de Xadrez, Grupo de Teatro etc. E entre os principais proxectos que se achán para este ano 2017, figuran, para alén dos que xa fan parte da programación habitual da entidade, aquelas actividades consagradas a celebraren o ano de Pondal, aquelas outras pensadas para reivindicaren a figura de Maruxa Mallo, as orientadas para lembraren o que significou a Revolución Bolxévi- que ou inclusive as ideadas para recuperar unha parte do cancionero

tradicional urbano dos séculos XVIII-XIX a través das recollidas que aínda se poden facer na actualidade. Será, por tanto, un ano cheo de traballo, de actividade e de compromiso, igual que as outras corenta iniciais primaveras da asociación. As portas desta están sempre abertas a aquelas persoas que acrediten nos valores que levan sustentado a entidade neste tempo: a defensa da lingua e da cultura galegas, a loita contra a violencia machista, a promoción e estudo da figura e do pensamento de Alexandre Bóveda e o proceso de construción nacional da Galiza. Neste primeiro *Sermos Bovéda* darase conta do labor que regularmente vén realizando a asociación nos últimos tempos.



**Na imaxe superior, lectura dramatizada a cargo de membros do Grupo de Teatro celebrada nos locais da entidade.**

**Actuación de títeres por causa do 40º aniversario da AC Alexandre Bóveda.**

**Actuación na Coruña de Mini e Mero pola celebración do Día da Galiza Mártir, diante do monumento a Bóveda feito por Pérez Porto.**

# 40 anos, 40 historias

**A**no 1976. Outra tentativa entusiasta de dedicar tempo e capacidades da nosa xente para conseguirmos devolver á Galiza a súa dignidade, nun contexto cultural e político ilusionante. Un grupo de xente nova nesa época, en que aínda había moitos atrancos para expresar intervencións artísticas e culturais nacionalistas, decidiu artellar un movemento dinamizador nesa liña de actuación.

Ano 2016. Transcorreron corenta anos e mantemos o mesmo espírito, ilusión e capacidade de traballo para valorizarmos a nosa lingua, a nosa cultura e a nosa memoria. Con estes obxectivos, un grupo de socias creou a comisión organizadora dos actos dos 40 anos de vida da AC Alexandre Bóveda. Vaia repto! A primeira vez que nos xuntamos, aló polo San Martiño de 2015, tiñamos moitas dúbidas, pois eran tantas as actividades desenvolvidas pola entidade nese tempo que a única opción era dedicarmos cada mes de 2016 ás máis representativas: títeres, teatro, fotografía, feminismo, memoria histórica, xadrez, música, lingua e literatura etc. Outra decisión adoptada nese día foi encargarmos a

Calros Silvar o logo que nos identificase durante todo o ano. Proba superada: primeiro día intenso, mais ilusionante e cheo de enerxía.

Comezou xaneiro e non podiamos esquecer as socias e socios que levan catro décadas a acompañaren o noso percurso. Así, no día 21 dese mes convocámoslos á inauguración da exposición fotográfica en que se recollían as lembranzas deses 40 anos. En tal emocionante día, Ricardo Seixo e Gala Botnar interpretaron a súa adaptación da peza dedicada a Alexandre Bóveda feita por Xosé Casal, director da coral da entidade durante varios anos. Lembramos no mes do Entroido o traballo na recuperación das festas populares: foi a nosa entidade a que trouxo ao primeiro plano o San Xoán na praia do Orzán, o Samaín e os magostos na Cidade Vella, hoxe festas imprescindibles.

O feminismo enformou un dos piares no labor diario da agrupación. Pioneiras no activismo, no día a día e nas conmemoracións, marzo serviu para lembrarmos o pasado, mais tamén para reivindicarmos o futuro. Nesta liña tiñamos que valorizar todo o traballo de loita pola igualdade e



os dereitos da muller. Non é un slogan, pois predicamos co exemplo: a primeira presidenta foi unha muller e sempre fomos maioría nas xuntas directivas.

A nosa casa sempre foi punto de encontro para o mundo da dramaturxia. A historia dela non se entende sen o seu grupo de teatro e os títeres. Mención especial merece o Grupo Sapocochoncho, do cal tantas representacións, éxitos, risos e anedotas continúan presentes: quen non lembra a furgoneta “Maruja Vanessa” ou o lema “Contra o mao que abusa sen excusa, Super Susa!”? Abril e novembro non deron descanso ao actual colectivo teatral, que traballou arreo para conmemorar estes corenta anos e os vinte do Memorial Ibán Toxeiro. Un grupo de xente imprescindible.

Somos recoñecidas e recoñecidos pola loita incansábel a prol da lingua. En maio aproveitamos para homenaxearmos Manuel María, socio de honra da entidade, mais tampouco quixemos esquecer as outras socias e sociais con esa distinción: Jenaro Marínhas del Valle, Luísa Villalta e Ibán Toxeiro. Nese mesmo mes foi nomeada a profesora e escritora María Pilar García Negro.

No Día da Galiza Mártir volveu á nosa memoria Alexandre Bóveda, asinado a 17 de agosto de 1936. Cada

ano nesa data xuntámonos a carón do monumento na súa honra, na Praza Alexandre Bóveda, realizado e doado por Pérez Porto á agrupación, a cal o entregou á cidade da Coruña.

E co outono chegou a festa grande dos 40 anos no Teatro Rosalía de Castro: a música de Alberte Núñez, de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, o teatro de Paso de Valverde e a maxistral presentación de Isabel Risco e César Cambeiro foron os protagonistas na noite. Vai caendo o pano, mais aínda fica traballo por diante: Ollo de Vidro, o noso colectivo fotográfico,

mostrounos o traballo intenso ao longo de todo ese tempo; os seus safaris, cursos de fotografía, o laboratorio de revelado e as exposicións marcaron unha maneira diferente de entender a fotografía. Ollo, que rexorden con forza!

Somos galegas e galegos e gostamos da festa, de nos xuntarmos, de partillarmos risos e conversas arredor dunha boa cea. E así o fixemos en decembro, porque non podiamos non celebrar tantos anos sen nos vermos á volta dunha mesa e comentarmos anedotas e historias.

Agora si. Cae o pano deste máxico 2016, mais non desligamos os focos do escenario. Continuamos en movemento. Por outros 40 anos!

## O FEMINISMO ENFORMOU UN DOS PIARES NO LABOR DIARIO DA AGRUPACIÓN



Presentación do Festival do 40º Aniversario guiada por Isabel Risco e César Cambeiro.

Na imaxe superior, actuación do Grupo de Teatro “Paso de Valverde” no festival do 40º Aniversario.

# A colaboración con outras entidades, un dos esteos da AC Alexandre Bóveda

**R**ecollendo unha das liñas fundamentais do galeguismo e do nacionalismo galegos no ámbito cultural xa desde as primeiras formulacións destes movementos reivindicativos en finais do século XIX e nos primordios do XX (cal era a necesaria colaboración con diferentes colectivos para así faceren máis roburenta a promoción da cultura e lingua galegas), a AC Alexandre Bóveda participa activamente dese axiomas, superando así o localismo e a ultrapasar a case tradicional falta de confluencia entre as organizacións que din defender os mesmos ou parecidos ideais. Por iso, a entidade coruñesa soubo interiorizar ese principio elementar e colaborar con diversos colectivos en que se puido verificar a coincidencia con algúns dos obxectivos tamén estruturais para a agrupación. Así as cousas, mantén regularmente contactos con diversas asociacións da cidade, tales como a AV Agra do Orzán, a AV Atochas-Montealto, a AV O Castrillón-Os Castros etc., e mesmo, regular ou esporadicamente, organiza actividades conxuntamente con varias desas organizacións, en especial coa AV Agra do Orzán. Ao mesmo tempo, quer puntual quer periodicamente, ten emprestado os seus locais a organizacións que partillan principios da asociación, como por exemplo ADEGA, AELGA, Amnistía Internacional, AS-PG, a Comision para a Recuperación da Memoria Histórica d'A Coruña, o Colectivo Milhomes, a Mesa pola Normalización Lingüística etc., e foi sede da Plataforma "Nunca Máis" na rexión ártabra durante o tempo en que aquela estivo operativa. De aí que a posta en andamento de sinerxias colaborativas con outras entidades e organismos para promocionaren a cultura galega fixo con que a AC Alexandre Bóveda fose recoñecida oficialmente en varias ocasións como unha das agrupacións máis activas de todo o país e até premiada nalgún caso.

En harmonía con esa liña de cooperación, os ideais que alicerzan firmemente

o labor diario da entidade téñena levado a practicar a mesma colaboración con colectivos doutras partes da nación, sobordando así os artificiais límites provinciais impostos desde 1833 polo ministro español Javier de Burgos e dando conta da necesidade de autoorganización, tamén na cultura de base. Por iso, as súas frutíferas relacións con agrupacións como O Galo (Compostela), Irmáns Suárez Picallo (Sada, As Mariñas), Lumieira (Carballo, Bergantiños), Medulio (Ferrol), Roxín Roxal (Paderne, As Mariñas), Vagalumes (A Estrada), Francisco Lanza (Ribadeo, A Mariña Lucense), Xermolos (Guitiriz, A Terra Chá) etc. inspiraron a posta en andamento de novo da Federación de Asociacións Culturais Galegas "Galiza Cultura", herdeira da antiga federación de que é legataria a propia AC Alexandre Bóveda. As mulleres e homes que fixeron parte das varias xuntas directivas da agrupación sempre acreditaron nesa máxima: hai que potenciar a cooperación e á confluencia de intereses que contribúan para a dignificación da cultura e da lingua galegas. Paraphraseándonos as palabras de Castelao, non hai que pór chatas á obra cando esta aínda non foi rematada; non se pode derrubar un predio para construír outro cando o primeiro aínda non foi terminado.

A nova etapa da entidade que principia neste mes de marzo parte desa mesma

estratexia de actuación. As persoas que se ocuparán agora de tripularen a nave da AC Alexandre Bóveda son conscientes de a maridaxe entre diferentes colectivos ser necesaria para entre todos faceren máis "sonorosa", como diría Pondal, a reivindicación da lingua e da cultura da Gali-

za. Sumando voces amplíase a potencia dunha melodía que parte xa da figura de Sarmiento no século XVIII e que atravesará toda a Idade Contemporánea para vir dar aínda a este ano de 2017, en que se tamén fai preciso, e máis que hai tempo, que nesa partitura a dinámica da interpretación mude de *piano* para *forte*.

**A ENTIDADE SOUBO  
RECOLLER ESE PRINCIPIO  
ELEMENTAR DE  
COLABORACIÓN CON  
OUTROS COLECTIVOS**



**A asociación colabora estreitamente con outras organizacións do país.**



**N**o centenario das Irmandades da Fala (IF) (1916-2016), quixemos, co compromiso das persoas que traballan na defensa da lingua, da cultura, do país, contarmos xuntas a historia que había detrás dun grupo humano moi pequeno, capaz en só 15 anos de conseguir o nunca atinxido até ao momento. Ese grupo de “irmáns”, cunha visión universal da lingua galega e do papel que a Galiza debía xogar internacionalmente na altura, ao carón das outras nacións do estado e sobre todo ao lado de Portugal, tiña un proxecto consciente para colocar o país no mundo: “nós nomeámonos de hoxe para sempre nazionalistas galegos”. E neste traballo de divulgación, a AC Alexandre Bóveda contou cunha participación social moi importante, con colaborador@s entusiastas, coa axuda da Asociación Socio-Pedagóxica Galega e da Deputación da Coruña, que nos permitiu realizarmos un ambicioso traballo:

a) Actividades de ampla difusión, cal o *Almanaque das Irmandades* (en colaboración coa AS-PG), un calendario de efemérides na rede (<http://almanaquedasirmandades.gal/>) con biografías e acontecementos tanto dos protagonistas das IF ou dos precursores oitocentistas como daquela xente que seguiu o camiño por elas iniciado, con entradas para todos os días do ano.

b) O ciclo de *Conversas en Irmandade*. Sete conversas para sabermos máis. Comezamos –non podía ser de outro

## As Irmandades da Fala vistas pola AC Alexandre Bóveda

xeito– con Elvira Varela Bao, a memoria viva dun século de historia, filla de Bernardino Varela, o máis optimista e o máis entusiasta dos irmandiños coruñeses, e de Elvira Bao, a mestra represaliada que se negou a pedir nunca perdón (“Eles terían que me pedir perdón a min”). Logo, Xosé Luís Axeitos falounos de Manuel Antonio e Carlos Biscainho centrouse no teatro que “fai país”. Por seu turno, Xesús Torres acompañou Alfonso Posse, cuñado e albacea de Álvaro Cebreiro, e con Pablo González Mariñas e Xosé M. Monterroso conversamos á volta de Jenaro Marinhaas del Valle, aquel que escribiu que como “unha árbore ha ser a nosa galegitude. Raíces afincadas, profundando, se alimentando na propia terra; máis coa fronda ao ar, acollendo todos os ventos do mundo, prodigando sombra e froito a todos os homes de mundo”. Manuel Lugrís lembrounos o seu avó, Manuel Lugrís Freire, un número un: o 1º que fala galego nun mitin, o que escribe a 1ª gramática en lingua galega, o que posúe o carné número 1 do Partido Galeguista... E rematamos con Goretti Sanmartín a nos ilustrar sobre os Irmáns Vilar Ponte, basilares na historia das IF.

c) *Graffiti* conmemorativo na rúa

Hospital, da autoría da artista plástica Emi de las Heras, para as cidadás e os cidadáns gozaren co que festexabamos.

d) Despregábel co título *A Coruña, a cidade que alumeou as Irmandades da Fala*, para contarmos o traballo realizado polas IF desde o seu nacemento. Escolléronse sete persoas que servisen para nos ilustraren sobre aspectos aínda hoxe descoñecidos (Lois Peña Novo, que leva en 1920 o nacionalismo e o galego ao salón de plenos de María Pita), mais tamén para desbotaren tópicos a respecto do papel xogado polas mulleres nas IF, porque non só bordaban bandeiras, non só eran as “mulleres de...”: o certo é que Rita Amparo López Jean, a 1ª muller que se afilia ao Partido Galeguista na Coruña, estaba casada cun político republicano antinacionalista (César Alvajar); dise que María Miramontes non entra nas IF por ser a muller de Ánxel Casal, mais hoxe está moi documentado que Ánxel e María se coñecen no local da Irmandade; e cando os fascistas peta-

ban na porta do fogar dos Varela-Bao, unha noite si e outra tamén, era por Elvira por quen preguntaban e foi ela a que botou varios meses na cadea. Damos visibilidade ao traballo realizado

polas “Irmandiñas” era para nós un obxectivo básico. Segundo *A Nosa Terra*, máis de duascenas mulleres facían parte das IF na Coruña, mais o seu traballo continúa a ser moi descoñecido.

e) Roteiro pola cidade da Coruña, *CEN anos indicando o camiño*, para coñecermos os espazos

e protagonistas, desde a rúa Álvaro Cebreiro até ao Rego da Auga 38 (sede da Academia, en que o día 18 de maio de 1916 nacen as IF), pasando pola Praza de María Pita 17, alí onde apareceron as Escolas do Insiño Galego.

En definitivo, recuperarmos a memoria que o franquismo nos furtou e homenaxearmos todas aquelas persoas que traballaron polo progreso deste país debe ser un deber para toda muller ou home de ben e nese traballo estamos na AC Alexandre Bóveda comprometidos.

**NESTE TRABALLO DE DIVULGACIÓN, A AC ALEXANDRE BÓVEDA CONTOU CUNHA PARTICIPACIÓN SOCIAL MOI IMPORTANTE**

**Despregábel *A Coruña, a cidade que alumeou as Irmandades da Fala*.**

# A lingua e a literatura, eixos centrais do labor da AC Alexandre Bóveda



Desde a súa fundación no ano 1976, un traballo constante na vida da AC Alexandre Bóveda foi aquel consistente na defensa e promoción do idioma, nomeadamente –embora non só– a través da Comisión de Lingua e Literatura da agrupación. Deste modo, desde lanzamentos de libros até actos específicos por algunha efeméride concreta, desde as maratonas de lectura de textos para a celebración do Día de Rosalía até actividades destinadas á celebración do Día das Letras, pasando pola participación activa nos movementos sociais máis vangardistas e renovadores na reivindicación dos dereitos lin-

güísticos do pobo galego e chegando a convenios con institucións como a Deputación provincial ou a Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, o certo é que a AC Alexandre Bóveda sempre concedeu unha importancia central á lingua e a estilización artística dela, isto é, a literatura.

Pódese afirmar con especial ledicia que unha grande parte de escritoras e escritores pasou polos locais da entidade, quer para colaborar nalgunha das actividades orientadas cara ao idioma ou á súa expresión literaria, quer para dar a coñecer os seus traballos máis recentes ao público: vultos consagrados ou principiantes, mulleres e homes, poetas e ensaístas etc. O propio Manuel María, dedicatario das Letras Galegas no pasado ano 2016, era unha das persoas que máis frecuentaba a asociación, desde que o poeta se instalou con Saleta no barrio coruñés de Montealto nos anos finais da súa vida, e foi, xuntamente con Luísa Villalta, nomeado socio de honra como recoñecemento á súa intensa colaboración coa AC Alexandre Bóveda. Lembremos aquí, por outra parte, que a primeira homenaxe pública que recibiu en vida Ricardo Carvalho Calero foi organizada pola entidade e que unha representativa nómima do profesorado de lingua e literatura de ensino medio ou universitario ten promovido ou organizado actividades culturais na entidade, nas cales o idioma ou a literatura eran as temáticas centrais.

Mais o labor neste ámbito abranxe máis traballos de promoción activa da lingua. Un deles, por exemplo, é o constituído polos cursos de galego (para principiantes ou para persoas que xa o falan mais que queren melloralo) que se organizan adoito en maio, mes en que a asociación celebra as Letras Galegas non só desde os eventos centrados na figura ho-

**A PRIMEIRA HOMENAXE PÚBLICA QUE RECIBIU EN VIDA CARVALHO CALERO FOI ORGANIZADA POLA AC ALEXANDRE BÓVEDA**



menaxeada, mais tamén desde a divulgación da lingua, da súa situación actual e da aprimoración da calidade dela no uso diario. Na primavera de 2017 está prevista outra edición deses cursos, que chegaron a ter máis de corenta persoas cando se voltaron a ofertar alá contra o ano 2004. Xentes de recoñecido prestixio no ámbito da filoloxía galega foron e serán as encargadas de os orientaren e de os

impartiren e todo parece prever, polas preguntas e consultas que cada día chegan ao local, que nesta ocasión vai haber igualmente un número de participantes digno de nota.

Outra das liñas de traballo desenvolvida nos últimos tempos asenta na recuperación da colección editorial da AC Alexandre Bóveda. Despois de dar a lume a segunda e terceira edición da obra *Muiñeiro de brétemas* de Manuel María en 1985 e 2014 (esta última en edición facsimilada relativamente á orixinal coa colabo-

ración da Deputación Provincial de Lugo), e após publicar traballos dedicados ao propio Alexandre Bóveda ou a Inés de Castro, iniciouse no ano 2011 outra colección que xa vai polos cinco títulos e que prevé nos próximos tempos acrecentarse con novas obras: *Señardade da luz (a obra poética de Manuel María)* (2011), de M. A. Mato Fondo; *Perspectivas sobre Bóveda* (2011), editado por X. M. Sánchez Rei; *Cartafol de soños. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no seu centenario (1912-2012)* (2012), coordinado por Alberte Suras e ilustrado por Felipe Senén; *Por terras de Lugo. Oito aproximacións á provincia* (2014), organizado e editado por X. M. Sánchez Rei e E. Mosquera Castro; *Aspectos da toponimia menor coruñesa* (2014), editado por E. Mosquera Castro e X. M. Sánchez Rei.

En síntese, non se podería entender a AC Alexandre Bóveda sen o seu compromiso coa promoción, defensa e reivindicación da lingua e da literatura galegas, ansia que continuará a ser un dos eixos centrais do labor da entidade nos próximos anos.

**Lanzamento dos libros de Camilo Gómez Torres, *A poesía de Manuel María*, e de X. M. Sánchez Rei, *O falar das fadas*.**



## O grupo de teatro da AC Alexandre Bóveda, compromiso e constancia

**A**índa que desde a súa fundación en 1976 sempre houbo unha moito importante dedicación á arte dramática, o actual Grupo de Teatro da AC Alexandre Bóveda ten o seu primeiro xerme nun obradoiro de teatro organizado pola entidade no ano 1997. Daquela, hai xa dúas décadas, non se sabía o percurso que a tal proposta ía ter. Pois ben, hoxe podemos dicir con satisfacción que o grupo fai vinte anos de existencia. Isto foi posíbel grazas ao compromiso das persoas que participaron no proxecto e ao traballo dos diferentes directores e directoras, que, ao longo do tempo, co seu labor, fixeron posíbel a sobrevivencia do colectivo: falamos de persoas como Lino Braxe, Flor Maceiras, Xavier Castiñeiras, Ramiro Neira ou o director actual, Xoán Carlos Mejuto. Esta xente, nas súas diferentes etapas, foi a principal artífice de todos os logros que o Grupo de Teatro da AC Alexandre Bóveda foi conseguindo até hoxe.

Desde o ano 2008, cando se fixo cargo do colectivo o actual director, as obras que se levaron a escena fo-

ron *A serpe*, de Jenaro Marinhas del Valle, xa no mesmo ano 2008; *Tres, tres, tres*, do propio Xoán Carlos Mejuto, en 2009; *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, de Xerardo Álvarez Gallego, no ano 2011; *A ópera de a patacón*, de Roberto Vidal Bolaño, en 2013; *Palabras de vispera*, de Álvaro Cunqueiro, en 2014. Tamén, en colaboración con CUAC FM, o grupo gravou durante o ano 2010 varias pezas de teatro radiofónico no estudio que esa asociación ten no Campus da Zapateira da Universidade da Coruña; foron estas *A consulta*, *Un feliz día de compras* e *Unha misión humanitaria*, de Xoán Carlos Mejuto, e *A medosa Blandina*, de Eduardo Blanco Amor.

Outro feito que convén salientarmos vén dado pola intervención do colectivo no Memorial de Teatro Amador Ibán Toxeiro, festival que naceu no ano 1996 a partir dunha iniciativa da Xunta Directiva da

**A DRAMATURXIA  
CONSTITÚE UNHA DAS  
MAIORES EXPRESIÓNS  
ARTÍSTICAS DA SOCIEDADE,  
CAPAZ DE SERVIR DE  
EFICAZ DIAGNOSE DOS  
PROBLEMAS DELA**



AC Alexandre Bóveda, para, principalmente, contribuír para a promoción do teatro amador e do teatro profesional galegos. Nesa gala, que se vén celebrando regularmente desde entón no mes de novembro, outórgase

o "Premio de Teatro Amador Ibán Toxeiro" a unha entidade, colectivo teatral ou vulto destacábel para as táboas galegas; algúns dos seus adxudicatarios nestes últimos tempos foron Flor Maceiras, Francisco Pilla-do Mayor, Grupo de Teatro de Cántigas

da Terra, Manuel Lourenzo, Xosé Manuel Rabón etc. A partir do ano 1998, o Grupo de Teatro da AC Alexandre Bóveda comeza a actuar no Memorial e desde ese momento até á actualidade a súa intervención fíxose constante, partillando escenario, ensaios e aplausos con outras compañías de teatro do país, quer amadoras, quer profesionais.

A proxección cara a outras rexións da Galiza tamén foi outra das máis recentes liñas de traballo. Por iso, o colectivo tamén participa nos circuitos culturais da Deputación da Coruña e ten feito algunha unha xira por diferentes concellos do país. Para alén disto, concorre con regularidade ao Concurso de Teatro Amador Candilejas Don Bosco, no cal se teñen recibido diplomas de salientábeis actores e actrices. Xa durante o ano 2016 os esforzos estiveron centrados na conmemoración do aniversario da entidade, e de aí que o colectivo organizase unha mostra de teatro amador no auditorio do centro Ágora con grande suceso de público

Mais o traballo neste ámbito non fica por aquí. A dramaturxia constitúe unha das maiores expresións artísticas da sociedade, capaz de servir como eficaz diagnose dos problemas dela e do seu estado de desenvolvemento ou, polo contrario, de alienación. A parafrasearmos aquelas palabras de Jenaro Marinhas del Valle que sinalaban que o pobo que carece de teatro é un pobo morto, pertencentes ao seu discurso de ingreso na Real Academia Galega intitulado *Importancia do público na revelación teatral* e lido no día 25 de febreiro de 1978 (dado a lume en 1979), o Grupo de Teatro da AC Alexandre Bóveda continuará a traballar co seu gran de area para impedir esa sabia profecía do prestixioso escritor e intelectual.

**Actuación do Grupo de Teatro da AC Alexandre Bóveda no XXº Memorial de Teatro "Ibán Toxeiro".**

**Cartaz do XXº Memorial de Teatro "Ibán Toxeiro".**

# O clube de xadrez Alexandre Bóveda

O Clube de Xadrez Alexandre Bóveda desenvolve na cidade da Coruña desde 2008 un labor de promoción e ensino do xadrez que fai del un dos clubs máis importantes da Galiza. Situado desde o comezo no corazón da cidade, foi o xermolo de varios equipos que militan nas diversas categorías do xadrez galego e dunha escola en que poden aprender e mellorar o seu nivel quer nenas e nenos quer persoas adultas interesadas.

Desde sempre foi notábel a presenza feminina tanto nos diversos equipos como nas aulas da escola, fosen para crianzas ou para persoas adultas. O noso clube é un dos máis importantes do país por número de xadrecistas e pola súa actividade e logros nos últimos anos, mais no que desde sempre fomos campioas falegas foi no número de mulleres que interviñan nas nosas actividades e mesmo xogadoras do noso clube conseguiron importantes resultados individuais nos últimos anos: Iria Ares, por exemplo, foi campioa galega e quedou terceira nese ano no campionato de España e Henar Lorenzo foi campioa galega sub16 e terceira na campionato de España da mesma categoría. Os nosos equipos escolares, nalgún caso integrados exclusivamente por nenas, gañaron en varias ocasións os encontros comarcais e provinciais.

Temos a día de hoxe tres equipos, sempre sexualmente mixtos, que militan na primeira, segunda e terceira categoría do xadrez galego. E o noso alumnado participa como cada ano nos campionatos comarcais e provinciais escolares. Mais, para alén da actividade por equipos, hai tamén unha intensa actividade competitiva a nivel individual, tanto nos diversos torneos que se celebran ao longo de todo o ano pola Galiza canto en España e nalgunha ocasión máis aló.

Dentro das actividades da Escola de Xadrez, cómpre destacarmos, á marxe das aulas que son impartidas de segunda a sábado en horarios deseñados á vontade pola persoa demandante, os campamentos escolares de fin de temporada que se desenvolveron en anos pasados en Gandarío e en Santa Cruz, perto da Coruña.

Membros do noso grupo de treinadores imparten aulas en diversos centros escolares da cidade e da bisbarra e participan na organización de eventos como o Torneo de Reis, que reúne todos os anos varios centos de nenas, ou no Día do Deporte na Rúa, en colaboración co Concello da Coruña. Tamén en cooperación co Concello son organizados campamentos nos períodos feriadados de inverno e verán. A directora da Escola, Jelena Kolar Strikovic', de orixe serbia e residente na Galiza, como non,



desde os primeiros anos noventa, acode tamén ocasionalmente como treinadora nas concentracións de cativas e cativos da Federación Galega de Xadrez e nas competicións individuais e por equipos da Galiza nos campionatos de España.

No tocante á actividade máis próxima temos de sinalar que o noso clube organizou neste ano pasado un torneo de partidas rápidas para conmemorarmos o 40º Aniversario da AC Alexandre Bóveda, nas cales participaron destacados e numerosos xogadores e xogadoras da comarca da Coruña. Organizamos igualmente, o 3º Torneo Memorial Fernando De la Fuente, grande xogador e animador das actividades do noso clube durante anos, a quen sempre acharemos en falta.

**A Asociación Cultural Alexandre Bóveda** é unha entidade sen ánimo de lucro, creada en 1976 e que desenvolve o seu labor nomeadamente na cidade da Coruña e na súa comarca. Traballa pola defensa e reivindicación do galego e da cultura galega, ben como pola divulgación da figura e do pensamento de Alexandre Bóveda.

**Arriba, torneos de xadrez celebrados nos locais da ACAB; abaixo, aulas de xadrez nos locais da ACAB.**